

TIPOLOXÍA DAS FALAS DO VAL DO RÍO ELLAS

XOSÉ HENRIQUE COSTAS GONZÁLEZ
(Universidade de Vigo)

1.- Situación xeográfica do Val do Ellas. Outras denominacións: Xalma, Os Tres Lugaris. Breve historia deste val.

No noroeste da provincia de Cáceres (Estremadura-España), facendo fronteira coa Riba-Coa portuguesa, sitúanse tres concellos nos que áinda hoxe se usan maioritariamente tres variedades lingüísticas iberorrománicas occidentais de moi controvertida clasificación e adscrición. Nos concellos de Valverde do Fresno -antigamente Valverde da Serra-, As Ellas e San Martiño de Trebello -antigamente San Martiño dos Viños-, a práctica totalidade (98%) dos seus cinco mil habitantes empregan oralmente as variedades lingüísticas denominadas valverdeiro, lagarteiro e mañego, respectivamente.

O val onde se sitúan os tres concellos recibiu ata agora diversas denominacións segundo os autores que se ocuparon do estudio destas falas, "Val de Xálma" (Leite, Onís, Cintra, Maia, etc), "Val do Río Ellas" (Costas, Frías), ou simplemente "Os tres lugaris", que é como lle chaman os seus habitantes. Este val, situado a unha altitude de 500 metros, está cinxido ó norte e ó leste por unha cordal montañosa de 1.200-1.500 metros, ó oeste por outra serra de 700-900 e ó sur polo río Torto, que fai fronteira con Portugal. É, pois, unha cunca natural perfectamente delimitada e afastada dos territorios de fala castelá por dificultades orográficas.

As variantes lingüísticas que actualmente se empregan nestes tres concellos proceden da lingua levada polos colonos instalados no val polo rei Afonso VIII¹ de Galicia e León no século XIII. Con colonos do noroeste peninsular (galegos e asturianos) repoboou unha ampla área do que hoxe é o sur de Salamanca, norte de Cáceres e a franxa oriental da Beira Baixa portuguesa (comarcas do Sabugal e Riba-Coa).

Á parte das noticias tiradas da documentación da época, o estudio comparativo da toponimia e da patronimia coetáneas entre Galicia e esta zona amosa ben ás claras a procedencia inequivocamente galega da meirande parte dos colonos (80-85%).

En época ben temperá, tan pronto como Sabugal e Riba-Coa pasaron a pertencer ó reino portugués e o reino galego-astur-leonés foi anexionado por Castela, a fala dos colonos foi varrida. En palabras de Lindley Cintra (1958:535-536):

"O primeiro [o galego de Riba-Coa e Sabugal do século XIII] sucumbiu perante a invasão do portugués da Beira que acompanhou a anexação do território por Portugal, nos fins do próprio séc. XIII. Sorte paralela tiveram certamente muitos falares galegos, vivos no séc. XIII em outras colónias da mesma proveniência fixadas na Estremadura leonesa; um tipo de leonés oriental fortemente castelbanizado veio nelas a impor-se e a apagar a linguagem primitiva dos repovoadores. O mesmo -e pela mesma época- estaria acontecendo nas colónias (...) dos próprios asturianos, de fala leonesa, ocidental ou central."

Restos da primitiva extensión daquelas colonias de repoboadores galegos témolos en numerosos vocábulos rexistrados nas falas castelás da Serra de Gata e do suroeste da provincia de Salamanca, onde podemos ainda hoxe escoitar voces como *regato, rodera, murceguiño, chambra, fechadura, gomo, bocoi, cangullo, lombo, carozo, múa, bago, meda, sobrau*, etc. Do mesmo xeito, a microtoponimia e a patronimia actuais revélannos sen dúbida ningunha a forte presencia de emigrantes galegos hai setecentos anos.

Lindley Cintra, ó estudia-la "curiosa" lingua na que están escritos *Foros de Castelo Rodrigo*, uns documentos redactados en zona hoxe portuguesa pero de repoboación galega datados en 1.209, deduce que se trata dun galego-portugués lixeiramente interferido por trazos astur-leoneses e descobre sorprendentemente que "*a variedade de galego-portugués [dos Foros] de Castelo Rodrigo era, fundamentalmente, galega e não portuguesa, por estranho que isto à primeira vista pareça, dada a situação geográfica onde os Foros foram escritos.*" (1959:503-504); posteriormente pon en relación esta variedade lingüística coa que actualmente se fala no Val de Xalma, Xálma, ou Val do Río Ellas e afirma sen reservas que

"O falar fundamentalmente galego, mas com leonesismos, de Castelo Rodrigo e Riba-Coa no séc. XIII, o falar também essencialmente galego da região de Xalma, outra coisa não são, segundo creio, do que falares destes núcleos de repovoadores galegos tão frequentemente recordados pela toponímia."

A pregunta que intriga os estudiosos destas falas é ¿como se perdeu a fala dos repoboadores no resto das áreas colonizadas e, outramente, se conservou no Val do Xalma ou do Río Ellas? Evidentemente, e ainda que hai autores que negan

este extremo², temos que pensar nun abandono secular destas áreas, xa de seu difícilmente accesibles ata hai escasas décadas, pois sabemos que desde Fernando III, o rei que anexionou o reino galego-astur-leonés a Castela en contra da vontade do seu pai, o noso Afonso VIII, o centro de atención da coroa de Castela foi a reconquista das terras do sur da península e, case inmediatamente, a conquista de América. Exprésao Lindley Cintra (1959: 535-536) moi atinadamente cando observa que

"Só en condicións especialíssimas de isolamento -geralmente correspondentes a um prolongado abandono- estes falares dos repovoadores, ou, pelo menos, algumas das suas características, puderam persistir. Foi exactamente o que se produziu na rexión de Xalma, vizinha da Serra de Gata, durante muitos séculos uma das zonas mais isoladas de toda a Espanha."

Este illamento secular debeu se-lo argumento principal para a conservación das falas obxecto do noso estudio. Cando esmorece o reino galego-astur-leonés e o poder cae en mans castelás, os colonos foron doadamente asimilados pola lingua e cultura dos poderosos reinos portugués e castelán. Estas falas son, conseguintemente, o resultado dun galego antigo implantado neste val no século XIII que perdeu todo contacto co territorio orixinario e camiñou setecentos anos por libre, son, en palabras de Lindley Cintra (1959:535) "*o resultado da impressionante persisténcia (e retardada evolución independente) duma linguagem galega do século XIII*".

Segundo diversos inquéritos realizados nos dez últimos anos neste val sobre a opinión que teñen os propios usuarios do que eles falan, un 22% acha que é un *chapurreado* de fronteira, unha mestura entre portugués, leonés e castelán; un 21 % opina que é más ben unha variante galega (curiosamente neste grupo inclúense os que mantiveron contactos con galegos ou estiveron algúna vez en Galicia); uns poucos, o 15 %, responden que unha fala astur-leonesa; por unha variedade de portugués apostan o 13 %; unha mestura de galego e astur-leónés é a crenza dun 11 %; por último, un significativo 18 % contesta que non saben o que pode ser nin de onde pode vir.

2.- Primeiros estudos

Podemos indicar que é a partir de Leite de Vasconcellos (1927 e 1933) cando comezan os estudos en exclusiva das falas deste val. Con anterioridade, son sobranceables os traballos dos alemáns Fritz Krüger (1925), *Studien zur lautgeschichte westspanischer Mundarten*, e Otto Fink (1929), *Studien über die Mundarten der Sierra de Gata*, que inclúian referencias parciais a estas falas ó estudiaren as variedades castelás occidentais ou da Serra de Gata.

É Leite o primeiro en aborda-lo estudio das falas deste val, principalmente do mañego de San Martiño de Trebello. Leite cría firmemente na lusitanidade destas falas e rexeitaba a hipótese, formulada por el mesmo, da repoboación

galega para explica-la orixe destas falas porque "*Galiza fica muito longe como para ter exercido aqui influência*". Leite nega a galeguidade destas falas por prexuízo ideolóxico e, malia a seren os seus dous excelentes traballos descriptivos, rexistra fenómenos fonéticos e fonolóxicos dos que nunca antes falaran Krüger e Fink e dos que nunca despois falará máis ninguén, fenómenos que acaroaban de cheo estas variantes no común dos falares portugueses limítrofes (existencia de vocais e ditongos nasais, distinción entre dúas realizacións fricativas xordas, unha apicoalveolar [ʂ] e outra predorsal [s], etc), é dicir, pretendeu forzar fenómenos para demostrar unha continuidade lingüística entre o falado a un e outro lado dos montes e ríos da fronteira político-orográfica. Tódolos autores posteriores (Onís, Viúdas, Gargallo, etc) negaron a existencia de nasais e da realización predorsal, máxime cando transcorreron setenta anos desde as visitas de Leite ó val e ainda viven algunas das persoas que el entrevistara e que non presentan en absoluto os fenómenos descritos polo investigador portugués.

Leite pretendía catalogar estas falas ó mesmo nivel do portugués exterior falado en puntos fronteirizos do estado español, en Olivença e Ferreira de Alcântara (Badallouce), e Alamedilha e A Bouça (Salamanca), pois semelláballe "*estranya coincidencia*" ter que recorrer ó galego, "*tão distante*", para explica-la orixe das falas do val, sobre todo tendo como tiñan o portugués a escasos quilómetros.

Se Leite foi o pioneiro dos estudos sobre estas falas, debemos mencionar tamén o traballo de Federico de Onís (1930) sobre o mañego. Para Onís, discípulo de Menéndez Pidal, é evidente que esta fala non é leonesa, e así o afirmaba xa nunha carta³ redactada en mañego e dirixida ó seu mestre, con data de 3 de agosto de 1910, na que lle di, entre outras cousas:

"Con istu que vos escribu poeis formal idea da fala Sanmartiñega que desde logo ten que queal fora do nosu dialectu leonés porque nun hay sombra de diptongación en niñuna das formas de istu. Creu que poyu afirmal istu con toa a seguríai."


Dedúcese deste parágrafo, xa que logo, que se non é leónés (nín castelán) pola ausencia de diptongación, os indicios apuntan na dirección de ser esta unha fala do toro galego-portugués.

3.- Estudios recentes

Agás Cintra e Maia, ata os anos oitenta a maioría dos autores que se ocuparon destas falas catalogáronas dentro do portugués ou, alomenos, falaron dunha "lingua ponte" ou "cruce" (sic) entre portugués e asturiano oriental⁴. Lindley Cintra (1959), como xa vimos máis arriba, estudiou a lingua dos *Foros de Castelo Rodrigo* e deduciু que se trataba dun galego interferido por leonesismos, un galego semellante ó falado na actualidade no val que nos ocupa. A idéntica conclusión chegou Clarinda de Azevedo Maia (1977) ó comparalo portugués

beirão de Sabugal coas falas do val do río Elias; para Maia lagarteiro, valverdeiro e mañego son variantes do galego-portugués antigo más próximas do galego ca do portugués actuais.

De entre os traballos e investigacións realizados sobre estas falas nos últimos dez anos, que versaron principalmente sobre descripción lingüística, sociolingüística e intentos de clasificación tipolóxica⁵, son de destaca-los elaborados por Gargallo Gil (1994, 1995 e 1996), romanista da Universidade Central de Barcelona, Carrasco González (1996 e 1997), profesor de portugués na Universidade de Extremadura, Frías Conde (1995 e 1997), profesor da Universidade Complutense de Madrid, e as nosas aportacións (1992a, 1992b, 1996, 1998 e 1999). Tanto Frías⁶ coma nós estamos convencidos da "galeguidade" innegable destas falas, galeguidade por orixe e galeguidade de as comparamos cos resultados actuais das variedades galegas do sueste do noso dominio lingüístico. Gargallo Gil, gran estudososo das falas arraianas da península, acabou por admitir que, efectivamente, dentro da singularidade das mesmas, a vinculación coas falas galegas é moito más evidente que coas portuguesas, por máis que formen parte todas do mesmo diasistema lingüístico. Para Carrasco González, profesor de portugués na Universidade de Extremadura, estas falas son unha póla á parte dentro do galego-portugués, a terceira póla da familia. Estándomos de acordo con Carrasco, cando asegura de que estas falas non poden ser "galego" en sentido estricto, debido principalmente ás evolucións particulares sufridas ó longo de setecentos anos de illamento, deberemos todos concordar que valverdeiro, lagarteiro e mañego son a terceira póla, pero unha póla que arrinca desde o antigo galego.



Resumíndomos este apartado, nos diversos estudos sobre dialectoloxía española e portuguesa sempre as falas do Val do Ellas figuraban dentro do ámbito lingüístico portugués e, duns autores a outros, limitábanse a repetir que no noroeste de Cáceres, os concellos de "Valverde del Fresno, Eljas y San Martín de Trevejo" eran de fala portuguesa. Teñíamos en conta un feito que axudará a comprender-lo cambio de óptica do problema: os estudos sobre dialectoloxía galega son relativamente recentes⁷, e máis recente ainda é a súa difusión entre os estudiosos da romanística, polo que non é de estrañar que non se tivese en conta ata hai poucos anos a diversidade dialectal galega para o estudio destas falas. Cando comparámo-los fenómenos sobranceiros do val e comprobámo-la súa

presencia en áreas marxinais do galego moderno chegamos doadamente á conclusión de que estas falas representan, grosso modo, unha maqueta de moitos fenómenos dialectais, fonéticos, morfolóxicos e léxicos, esparexidos polo noso dominio lingüístico actual.

Cadro I: Clasificación segundo autores e anos

Autor	Ano	Clasificación
Fritz Krüger	1925	Portugués dialectal
Otto Fink	1929	Portugués dialectal
José Leite de Vasconcellos	1929	Portugués dialectal
Federico de Onís	1930	Astur-leonés non é
José Leite de Vasconcellos	1933	Portugués dialectal
Luis Filipe Lindley Cintra	1959	Galego arcaico interferido por leonesismos
Luis Filipe Lindley Cintra	1974	Galego arcaico interferido por leonesismos
Clarinda de Azevedo Maia	1977	Galego-portugués arcaizante
Antonio Viudas Camarasa	1982	Híbrido astur-leonés-galego-portugués
Xosé Henrique Costas Glez.	1992	Galego arcaico interferido por leonesismos
José Luis Martín Galindo	1993	Fala autóctona
José Enrique Gargallo Gil	1994	Galego-portugués fronteirizo e arcaizante
José Enrique Gargallo Gil	1996	Galego-portugués fronteirizo e arcaizante
Xosé Henrique Costas Glez.	1996	"Galego"
Juan Manuel Carrasco Glez.	1996	A terceira póla do tronco galego-portugués
F. Xavier Frías Conde	1997	Dialecto galego
José Luis Martín Galindo	1998	Dialecto portugués
Francisco Fernández Rei	1999	"Galego"
José Luis Martín Durán	1999	Subdialecto leonés
Xosé Henrique Costas Glez.	1999	A terceira póla, mais a partir da póla galega

4.- Métodos de clasificación tipolóxica das linguas romances

Adentrámonos agora no esvaradío terreo da división entre lingua e dialecto ou variante, co que podemos doadamente ensarillarnos na eterna discusión de se o galego é un dialecto, codialecto ou paraestándar rexional do portugués, pretendemos "medir" dialectalmente a semellanza ou desemellanza estructural entre as falas do Val do Ellas, as falas galegas e as falas portuguesas (independentemente dos estándares oficiais), pretendemos determina-las porcentaxes de coincidencias entre estas falas pertencentes todas elas ó diasisistema lingüístico galego-portugués.

Para nós, galego e portugués son dúas variantes do primitivo iberorromance occidental nacido do latín vulgar da Gallaecia, entre o Cantábrico e o Douro. Hoxe en Galiza ainda temos unha sangrante e paralizante discusión

sobre se o galego debe ou non reintegrarse no padrão portugués, discussión esterilizante que nos rouba moitos esforzos e nos distrae da auténtica batalla: a loita contra a castelanización de Galiza. A proba de que o que falamos galegos e portugueses non é moi distinto é que a intercomprensión está garantida e, como anécdota, saiban vostedes que, perante a imposibilidade de emprega-lo galego no Parlamento Europeo, o único deputado nacionalista galego, Camilo Nogueira, do BNG, emprega o portugués nas súas intervencións nas comisións e no parlamento, o que lle ten valido durísimas críticas por parte dos nacionalistas españois (xa foren de dereitas ou de supostas esquerdas) porque, segundo eles, Camilo Nogueira é un deputado elixido por España: segundo nós, os galegos, é un deputado galego e, se non pode emprega-lo noso idioma nacional, o lóxico e normal é que bote man do idioma máis próximo: o idioma irmán portugués.

Modernamente adóitase decer que galego e portugués son dúas linguas elaboradas da mesma lingua distanciada. Mais o concepto de distancia lingüística é tamén moi enganoso e susceptible de interpretacións. ¿Como se mide a distancia lingüística? ¿Canta distancia fai falla para que dúas variantes sexan consideradas linguas e non codialectos? Se un alemán observa galego e portugués no conxunto da Romania, semellaránlle a mesma lingua porque, entre outras cousas, son más parecidos estructuralmente entre eles do que o son os dialectos alemáns pomeranio e bávaro, por exemplo. Agora ben, se un chinés observa tamén o portugués e o español, semellaránlle que forman parte da mesma lingua porque o 90 % do léxico é común e existen moitas semellanzas morfolóxicas e sintácticas. Secasí, cómpre sermos moi cautos con estas medicións.

Das propostas de clasificacións tipolóxico-estatísticas⁸ empregadas ata agora para delimita-las linguas romances, imos empregar exclusivamente a establecida no *Lexikon der Romanistischen Linguistik* (VI/1, 1992: 1-36) para os iberorromances, pois na nosa opinión é a más completa, a más avanzada e a más axeitada para medir estructuralmente romances e, neste caso puntual, iberorromances.

A proposta do *LR* inclúe oito trazos fonético-fonolóxicos: 1) Distinción entre vocais medias abertas e pechadas, 2) Existencia ou non de ditongos e vocais nasais, 3) Ditongación ou non das vocais medias breves tónicas latinas, 4) Sistema vocálico átono en final de palabra, 5) Sistema de sibilantes, 6) Articulacións sonoras e velares, 7) Articulación de consoantes xeminada, e 8) As consoantes finais. Tamén contempla vintecatro trazos morfolóxicos: 1) As conxugacións verbais, 2) Asimilación do infinitivo con pronomes enclíticos, 3) Existencia de infinitivos conxugados, 4) Terminacións dos participios, 5) Xerundios, 6) Vocal temática dos imperfectos de subxuntivo, 7) Engádegas do tema verbal, 8) Infixo -g- nos subxuntivos, 9) Morfemas do presente de subxuntivo, 10) Morfemas do pretérito perfecto, 11) O futuro de subxuntivo, 12) Perfectos compostos, 13) Auxiliar ter/haber, 14) Formas do artigo, 15) Contraccións do artigo, 16)

Comparación de superioridade, 17) Formación dos superlativos, 18) Xénero do numeral 2, 19) O numeral 16, 20) P4 dos pronomes persoais tónicos, 21) Tecum, Mecum, 22) Formas pronominais con *en*, *bi*, 23) Categorías dos demostrativos, e 24) Demostrativos neutros. Por último, aborda once trazos sintácticos: 1) Artigo más posesivo, 2) Artigo más sustantivo más posesivo, 3) Adverbiais en -mente, 4) Preposición *a* más complemento directo, 5) Ir más infinitivo, 6) En más xerundio, 7) Se más formas verbais en -ra ou en -se, 8) Futuro ou subxuntivo logo de certas conxuncións, 9) Colocación do pronomé átono, 10) “É nos anos 40 cando/que...”, 11) Resposta afirmativa mediante a repetición do verbo.

Cadro II: Aplicación dos trazos do LRL ás lingua s iberorromances

	PORTRUGUÉS	GALEGO	V.ELLAS	ASTUR.	CASTEL	ARAGO.	CATAL.
1	a	a	b	b	b	b	a
2	a	b	b	b	b	b	b
3	a	a	a	b	b	b	b
4	a	a'	a''	b'	b	b	b
5	a	b	a'/b	b	c	b	c
6	a	b	b	b	b	b	c
7	a	b	b	b	b	b	c
8	a	b	b'	b''	b''	c'	c
1	a	a	a	a	a	a	b
2	a	a	a	a	b	b	b
3	a	a	b	b	b	b	b
4	a	a	a	a'	a/a'	b/a'	b
5	a	a	a	a	a	a	b
6	a	a	a	b	a	a	a
7	a	a	a	a	a	a	b
8	a	a	a	a	a	a	a
9	a	a	a	a	a	a	a
10	a	a	a	b	b	c	c
11	a	(a)	b	b	(a)	b	b
12	a	b	b	b	a	a	a
13	a	b	c	b	c	c	c
14	a	a	a	b	b	a	b
15	a	a	a	b	b	b	b
16	a	b	c	c	c	c	c
17	a	a	a	b	b	b	b
18	a	a	a	b	b	b	b
19	a	a	a	b	b	b	c
20	a	a/b	a	b	b	b	b
21	a	a	a	a	a	b	b
22	a	a	a	a	a	b	b
23	a	a	a	a	a	a	b/a

TIPOLOXÍA DAS FALAS DO VAL DO RÍO ELLAS

24	a	a/b	a	b	b	a	c
1	a	a	a	a	b	a	a
2	a	b	b	b	b	b	b
3	a	a	a	a	a	a	b
4	a	b/a	b	b	b	b	a
5	a	a	b	a	b	b	b
6	a	a	a	a	a	a	b
7	a	a	a/b	b	b	b	a/b
8	a	b	b	b	b	b	b/a
9	a	a	b	a	b	b	b
10	a	b	b	b	b	b	a
11	a	a	b	a	b	b	b

Tomándomos como base os resultados do portugués (a) vemos como as outras linguas iberorrománicas poden concordar ou non (b e c). Segundo isto, as porcentaxes de coincidencias entre as diferentes linguas iberorrománicas e as falas do Ellas son:

Cadro III: Porcentaxe de coincidencias entre os iberorromances

	GALEGO	V.ELLAS	ASTUR.	CASTELÁN	ARAGONÉS	CATALÁN
PORTE	74 %	60 %	38 %	34 %	34 %	25 %
GALEGO	81 %	59 %	47 %	45 %	34 %	
	V.ELLAS	63 %	59 %	51 %	33 %	
		ASTUR.	79 %	70 %	33 %	
			CASTELÁN	80 %	45 %	
				ARAGONÉS	61 %	

Aplicándomos este sistema de dialectometría iberorromance, vemos como as falas do Val do Río Ellas concordan nun 81 % co galego, nun 63 % co astur-leonés e nun 60 % co portugués. Se a estes trazos fonético-fonolóxicos, morfolóxicos e sintácticos, lles engadisemos unha batería de trazos lexicais, veríamos como a aproximación ás falas galegas e portuguesas é moito maior.


Se agora retomámolo cadro I e vémo-lo resultados obtidos no cadro III, ponse de manifesto que as falas do Val do Río Ellas pertencen ó tronco iberorromance occidental ou galego-portugués, e, dentro deste tronco, presentan maiores semellanzas estructurais co conxunto das falas galegas. Cómprase salientar a aproximación que presentan co astur-leonés, pois non esquezamos que colonos desta lingua estaban mesturados entre a maioría de colonos galegos que repoboaron estas comarcas no século XIII, como ben nos indicou Lindley Cintra ó estudia-la lingua dos *Foros de Castelo Rodrigo*. Tipoloxicamente, pois, as falas do Val do Río Ellas son unha póla do antigo galego que fructificou en terras de

repoboación e perviviu ata os nosos días, interferido en época antiga por leonesismos e na actualidade por castelanismos fundamentalmente léxicos.


Non pretendemos de xeito ningún repetir aquí descripcións lingüísticas que temos feito noutros estudos (véxase Costas 1992, 1996, 1998 e, sobre todo, 1999), nos que demostrámo-las coincidencias fonéticas, morfolóxicas e léxicas entre estas falas e as falas galegas (ben con algunas, ben co conxunto delas), vexamos só a modo de exemplo catro mapas: 1) Resultados da terminación de plural latina **-ONES**, por exemplo coa palabra CORATIONES: *corações* en portugués, *corazóns-corazós-corazois* nos diferentes dialectos galegos, *corazóns-corazós* no Val do Ellas; 2) Resultados da terminación latina **-ANU(M)**, por exemplo con MANU(M): *mão* en portugués, *man-mao-ma* en galego, *man* no Val do Ellas; 3) Resultados do latín UNA(M): *uma* en portugués, *unha* ['uŋa] ou *úa* en galego, *unha* ['uŋa] no Ellas; e 4) Resultados de MULTU(M): *muito* en portugués, *moito-muito-mutio-muto* en galego, *muto* no Ellas.

TIPOLOXÍA DAS FALAS DO VAL DO RÍO ELLAS

Mapa 1




Mapa 2




TIPOLOXÍA DAS FALAS DO VAL DO RÍO ELLAS

Mapa 3



Mapa 4



Cómpre traballarmos agora na aplicación do cuestionario léxico empregado para o ALGa (*Atlas Lingüístico Galego*) sobre estas falas, para verificarmos efectivamente que tamén rexistramos neste plano coincidencias porcentualmente elevadas e adscribirmos sen dúbida ningunha estas falas ó dominio lingüístico galego. As primeiras probas léxicas son ben evidentes, o léxico deste val (coma a toponimia, a onomástica, etc) é básica e fundamentalmente galego. E quen di galego di tamén galego-portugués.

Notas

1 Ainda que na historiografía oficial española (castelá) se denomine este rei como Alfonso IX, os galegos, asturianos e leoneses non podemos acepta-la cronoloxía imperial española (castelá), porque o Afonso VIII oficial nunca foi rei de Galicia, León e Asturias, senón unicamente de Castela. Durante vinteseis anos, entre 1188 e 1214, reinaron ó mesmo tempo o noso Afonso VIII (para os españois Alfonso IX) en Galicia e o seu Afonso VIII en Castela.

2 O historiador Martín Galindo (1993: 139-141) nega que fose un val marxinal e subdesenvolvido, indicando que as tres poboacións sobresaíron historicamente pola súa importancia económica (no séc. XVIII existían no val fábricas téxiles e de xabón, muiños de aceite e de fariña, etc), militar ou relixiosa (presencia de casas señoriais, fortalezas militares, edificios relixiosos). Segundo este autor, o illamento tivo lugar só a partir de finais do século pasado. Amais, engade que historicamente As Ellas e Valverde, por un lado, e San Martiño, polo outro, pertenceron a xurisdiccionis administrativas e relixiosas distintas. “*¿Por qué San Martín de Trevejo y Villamiel son dos mundos, lingüística y culturalmente, tan extraños y diferentes, cuando durante setecientos años formaron la misma entidad territorial y administrativa?*”. O mesmo autor dá resposta á súa pregunta ó afirmar a continuación que as falas do Ellas estiveron circunscritas ó espacio fisico-cultural da vertente occidental do Xálama “*al margen de los avatares históricos a que han estado sujetas cada una de las tres localidades*”.

3 Reproducida en Frades Gaspar (1994: 71-72) e en Martín Galindo (1998: 15-16), neste último con errores de transcripción.

4 Por exemplo Antonio Viudas Camarasa, que en 1982 publicou un artigo bastante completo desde a óptica fonolóxica nunha revista asturianista (*Lletres Asturianes*), e non sabemos se foi precisamente por isto que cualificou estas falas como “cruce” entre galego-portugués e astur-leonés.

5 Non podemos ter en conta as consideracións do historiador estremeño Martín Galindo, que pasou de opinar (1993) que estas falas eran “autóctonas”, “de orixe céltica”, coincidentes parcialmente co portugués pero orixinadas independentemente por un curiosísimo proceso polixenético, para afirmar recentemente (1998) que son un dialecto portugués que pouco ou nada ten que ver co galego, coincidindo deste xeito co afirmado por Leite (1933) hai xa setenta anos. Alén disto, só pode ser unha brincadeira ou un *delirium tremens* o libro de Martín Durán (1999) no que clasifica estas falas como “subdialecto leonés” e, amais, intenta xustificalo con despropósitos filolóxicos alucinantes.

6 De feito Frias Conde (1997) establece unha nova clasificación dialectal do galego e inclúe estas falas, xunto co dialecto falado en Calabor (Zamora), dentro dun denominado “Bloque meridional” de falas galegas.

7 É un clásico xa o libro de Francisco Fernández Rei (1990): *Dialectoloxía da Lingua Galega*.

8 Véxase Muljacič, Z. (1967): “Die klassifikation der Romanischen sprachen”, en

Romanistisches Jahrbuch XVIII, 23-65 [toma como referencia corenta trazos fonéticos, fonolóxicos e morfolóxicos, tanto diacrónicos coma sincrónicos]. Pellegrini, G.B. (1970): "Classificazione lingue romanze e dialetti italiani", en *Forum Italicum* 4, 239-268 [con base no "metro" de Muljačić tentou medir comparativamente a "enorme" distancia entre o italiano estándar e os "dialectos" itálicos: lucano, calabrés, fassano, cadorino, etc]. Iliescu, M. (1969): "Ressemblances et dissemblances entre les langues romanes", en *Revue de Linguistique Romane* 33, 113-132. Ternes, E. (1976): "Phonemisysteme und ihre bedeutung für die klassifikation der romanischen Sprachen", en *Romanistischen Jahrbuch* XXVII, 190-195. Sörös, A. (1989): "Esquisse d'une typologie synchronique des langues romanes", en *Revue de Linguistique Romane* 55, 5-26.

Bibliografía

- CARRASCO GONZÁLEZ, J.M. (1996 e 1997): "Hablas y dialectos portugueses o galaico-portugueses en Extremadura. Parte I: Grupos dialectales. Clasificación de las hablas de Jálama", en *Anuario de Estudios Filológicos* 19, 135-148, e "Parte II y última: Otras hablas fronterizas. Conclusiones", en *Anuario de Estudios Filológicos* 20, 61-79. Cáceres: Universidad de Extremadura.
- CINTRA, L.F. Lindley (1959): *A linguagem dos foros de Castelo-Rodrigo, seu confronto com a dos foros de Alfaiates, Castelo Bom, Castelo Melhor, Coria, Cáceres e Usagre. Contribuição para o estudo do leonês e do galego-português do séc. XIII*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- CINTRA, L.F. Lindley (1974): "A linguagem dos foros e o galego-português de Xalma", en *Estudos de linguística portuguesa e românica* I. Coimbra, 508-537.
- COSTAS GONZÁLEZ, X.H. (1992): "Breve caracterización das falas (fundamentalmente galegas) do Val do Rio Ellas", en *Cadernos de Lingua* 6, 85-108.
- COSTAS GONZÁLEZ, X.H. (1992): "Notas sociolingüísticas sobre os falares 'galegos' da Ribeira Trevellana (Cáceres)", en *A Trabe de Ouro* 11, 409-417.
- COSTAS GONZÁLEZ, X.H. (1996): "O galego de Extremadura: as falas do Val do Rio Ellas", en Carrasco González, J.M. e Viudas Camarasa, A. (eds.), *Actas do I Congresso Internacional Luso-Español de Lingua e Cultura na Fronteira* I, Cáceres: Universidade de Extremadura, 355-376.
- COSTAS GONZÁLEZ, X.H. (1998): "Os subsistemas de sibilantes no galego do Val do Rio Ellas", en Kremer, D. (ed) *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, II, 581-589.
- COSTAS GONZÁLEZ, X.H. (1999): "Valverdeiro, lagarteiro e mañego: o "galego" do Val do Río Ellas (Cáceres)", en Fdez. Rei, F., e Santamarina, A. (eds.) *Estudios de sociolinguística románica: Lenguas e variedades minorizadas*. Santiago: Servicio de Publicacións da Universidade.
- FERNÁNDEZ REI, F. (1990): *Dialectología da Lingua Galega*. Vigo: Xerais.

TIPOLOXÍA DAS FALAS DO VAL DO RÍO ELIAS

- FERNÁNDEZ REI, F. (1994): "Galeisch: Arcalinguistik (Áreas lingüísticas)", en Metzeltin, M. E Winckelmann, O. (eds.) *Lexikon der Romantischen Linguistik*, VI-2. Max Niemeyer-Tübingen, 98-110.
- FINK, O. (1929): *Studien über die Mundarten der Sierra de Gata*. Hamburgo.
- FRADES GASPAR, D. (1994): *Vamus a falal. Notas pâ coñecel y platical en nosa FAIA*. Serra de Gata (Cáceres): Adisgata.
- FRÍAS CONDE, X. (1997): "Sobre os bloques dialectais do galego: unha nova proposta", en *Revista de Filología Románica* 14, vol. 1. 241-256. Madrid: Universidad Complutense.
- GARGALLO GIL, J.E. (1994): "San Martín de Trevejo, Eljas (As Elhas) y Valverde del Fresno: una encrucijada lingüística en tierras de Extremadura (España)", en *Variação linguística no espaço, no tempo e na sociedade*. Lisboa: Colibri, 55-87.
- GARGALLO GIL, J.E. (1995): "De fronteras lingüísticas peninsulares: paralelismos, afinidades, peculiaridades", en *Lletres Asturianes* 57, 23-40.
- GARGALLO GIL, J.E. (1996): "La 'Fala de Xálima' entre los más jóvenes. Un par de sondeos escolares (de 1991 y 1992)", en Carrasco González, J.M., e Viudas Camarasa, A., (eds.), *Actas do I Congresso Internacional Luso-Español de Lingua e Cultura na Fronteira I*, Cáceres: Universidade de Extremadura, 333-356.
- GARGALLO GIL, J.E. (1999): *Las hablas de San Martín de Trevejo, Eljas y Valverde del Fresno: Trilogía de los tres lugares*. Mérida: Gabinete de iniciativas transfronterizas de la Junta de Extremadura.
- KRÜGER, F. (1925): *Studien zur lautgeschichte Mundarten*. Hamburgo.
- LEITE DE VASCONCELLOS, J. (1927): "Linguagem de San Martín de Trevejo (Cáceres-Espanha)", en *Revista Lusitana* 26, 247-259.
- LEITE DE VASCONCELLOS, J. (1933): "Português dialectal na Região de Xalma (Espanha)", en *Revista Lusitana* 31, 166-275.
- LÓPEZ FERNÁNDEZ, F.S. (1994): *Topónimos d' As Ellas y rimas en lagarteiru*. Salamanca.
- LÓPEZ LAJAS, I. (1998): *Seis sainetes valverdeiros*. Edición e notas de X.H. Costas González. Compostela: Edicións Positivas.
- MAIA, C. de Azevedo (1977): *Os falares fronteiriços do concelho de Sabugal e da vizinha região de Xalma e Alamedilla*. Suplemento IV da *Revista de Filología Portuguesa*. Coimbra.
- MARTÍN DURÁN, J. (1999): *A fala: un subdialecto leonés en tierras de Extremadura*. Mérida: G.I.T. de la Junta de Extremadura.

ACTAS DO XV ENCONTRO NACIONAL DA APL

- MARTÍN GALINDO, J.L. (1993): *Apuntes socio-históricos y lingüísticos sobre la Fala de Xálima*, anexo de *Alcántara* 30. Cáceres: Institución Cultural "El Brocense" - Diputación Provincial de Cáceres.
- MARTÍN GALINDO, J.L. (1998): *Guía histórica y cultural de San Martín de Trevejo: O Val de Xálima a vista de andurinha*. Cáceres: Iniciativa Val de Xálima.
- MARTÍN GALINDO, J.L. (1999): *A fala de Xálima: o falar fronteirizo de Eljas, San Martín de Trevejo y Valverde del Fresno*. Mérida: GIT de la Junta de Extremadura.
- METZELTIN, M. e WINKELMANN, O. (1992): "Die Sprachen der Iberischen Halbinsel und ihre Verbreitung", en *Lexikon der Romanistischen Linguistik VI/1*, 1-36.
- ONÍS, F. de (1930): "Notas sobre el dialecto de San Martín de Trevejo", en *Todd Memorial Volumes. Philological Studies II*, Nova York, 63-70.
- REY YELMO, J.C. (1999): *A fala: La fala de San Martín de Trevejo: o mañegu*. Mérida: GIT de la Junta de Extremadura.
- RODRÍGUEZ GUERRA, A. (1996): "Achegamento á sintaxe dos falares mañego, lagarteiro e valverdeiro", en *I Congreso Internacional da Lingua Galega*, Santiago, setembro de 96 [no prelo].
- SÓNORA ABUÍN, A. et alii (1996): "Aproximación sociolingüística ó Val do Riu Ellas (Cáceres): Estudio dos usos e actitudes lingüísticas", en Carrasco González, J.M., e Viudas Camarasa, A., (eds.), *Actas do I Congresso Internacional Luso-Español de Lingua e Cultura na Fronteira I*, Cáceres: Universidade de Extremadura, 407-414.
- VIUDAS CAMARASA, A. (1982): "Un habla de transición: El dialecto de San Martín de Trevejo", en *Lletres Asturianes* 4, 55-71.